

Normativa de uso da aula de videoconferencia da Facultade de Química

Aprobada pola Xunta de Facultade o 20 de decembro de 2012

Xestión do uso da aula

As solicitudes e a autorización de uso da aula xestionaranse, exclusivamente, polo Decanato da Facultade de Química, e deben ser realizadas por un profesor/a da Facultade que será, en todo momento, responsable do bo uso e custodia do material. O profesor é tamén o encargado de asegurar o peche da aula unha vez finalizada a actividade.

Os interesados entregarán a solicitude de uso da aula no Decanato. Unha vez finalizada a actividade para a que a aula foi reservada, o solicitante cumprimentará os apartados correspondentes á sección “Despois do uso” do formulario de solicitude (ver Anexo 1), que estará depositado na mesma aula de videoconferencia. Nese momento deberán facer constar calquera incidencia detectada antes e durante a realización da actividade.

En ningún caso se admitirán solicitudes nas que non se faga constar expresamente o tipo de actividade a realizar ou que vaian a ser realizadas por persoal alleo á Facultade de Química ou con vinculación non permanente coa universidade (estudantes de mestrado, doutoramento, etc...). Nos últimos dous casos, a solicitude deberá facerse directamente ante a/o Decana/o.

Considerase prioritario o uso da aula de videoconferencia para o servizo de emisión ou recepción en formato de vídeo (para o que foi implementada) e, como norma xeral, terán prioridade aquelas actividades docentes que implican a emisión dos diferentes formatos de vídeo desde a Facultade.

Asignación das solicitudes

A autorización para o uso da aula establecerase de acordo coa seguinte orde de prioridade:

1. Actividades docentes de titulacións adscritas á Facultade de Química (implican reserva ao inicio do cuadrimestre por parte do/a correspondente coordinador/a, quen será o responsable da solicitude):
 - de Mestrados Interuniversitarios acollidos aos protocolos de control de docencia
 - de Mestrados Interuniversitarios non acollidos aos protocolos de control de docencia
 - de Mestrados non Interuniversitarios
 - de Grao en Química
2. Emisión de conferencias ou outras actividades xestionadas pola Facultade e de acceso libre aos membros da Facultade de Química.
3. Emisión de conferencias de grupos de investigación adscritos á Facultade de Química.

4. Reunións (en formato videoconferencia) de consello de departamentos adscritos á Facultade de Química.
5. Actos de exposición e defensa (por orde de prioridade) de oposicións/concursos aos diferentes corpos docentes, teses de doutoramento, traballos de fin de grao e teses de licenciatura (as condicións para a realización da reserva seguen a ser as mesmas: debe constar un profesor como solicitante responsable).
6. Actividades docentes que impliquen a reprodución de vídeos.
7. Recepción de conferencias ou outras actividades docentes xestionadas por outros centros universitarios, previa autorización por parte da/o Decana/o desta Facultade.

Vigo, 13 de decembro de 2012

A Decana





Soledad García Fontán

ANEXO 1

**SOLICITUDE DE RESERVA DA AULA DE VIDEOCONFERENCIA
DA FACULTADE DE QUÍMICA**

Solicitante e data de solicitude		Datos da reserva	
Apelidos:	Nome:	Data:	Descrición do uso:
Departamento:		desde as: ____ horas	
Data de solicitude:		ata as: _____ horas	
		Sinatura:	
Despois do uso			
Tempo real de uso:	Incidencias (facelo constar en caso de non haberlas)		
Sinatura:			